



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
27 DE DECEMBRO DE 2019**

No Concello da Laracha (A Coruña) a vinte e sete de decembro do dous mil dezanove, sendo as trece horas e trinta minutos, baixo a presidencia do alcalde, José Manuel López Varela, coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

ROCÍO LÓPEZ REY

PATRICIA MARÍA BELLO CANEDO

ADELINA LISTE MONELOS

CRISTINA VIEITES CALVO

PABLO CAMBÓN BÉRTOA

BEGOÑA DOMÍNGUEZ PATIÑO

MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ CASTIÑEIRA

ALBA DOLORES TOBA FERREIRO

JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS

MARÍA PILAR NEIRA MARTÍNEZ



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

XOAN MANOEL SANDE MUÑÍZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Asiste como secretaria, a da Corporación, Lucía Barreiro Angeriz, que da fe do acto.

Asiste o interventor da Corporación, Eduardo Mera Rico.

Aberto o acto pola Presidencia, a continuación procedese ao exame dos asuntos comprendidos na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO 2018.

A secretaria da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, realizada o venres 20 de decembro de 2019, o cal é o seguinte:

“A Comisión Informativa celebrada o día 13 de novembro de 2019 ditaminou favorablemente a Conta Xeral para o exercicio 2018.

Transcurridos 15 días e 8 mais para alegacións. Non se presentou alegación alguna.

Por este motivo sométese a aprobación do Pleno da Corporación o seguinte:

PRIMEIRO.- *Aprobar a Conta Xeral do Concello da Laracha para o exercicio 2018.*

SEGUNDO.- *Rendir a Conta Xeral para o exercicio 2018 debidamente aprobado ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas.”*

Dáse paso ás intervencións.

O representante do grupo do BNG, Xoán Manoel Sande Muñíz, indica que se van a abster. A representante do grupo do PSOE, María Palomi Rodríguez Castiñeiras, indica que se van a abster debido a que a Conta Xeral non se presenta no prazo establecido na lexislación, o cal é prexudicial para o Concello.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O alcalde, José Manuel López Varela, comeza agradecendo ao departamento de Intervención o esforzo realizado e que a Conta Xeral reflexa a realidade do Concello, con un aumento de 4 millóns sobre o aprobado inicialmente e destaca o pago das facturas dentro dos prazos establecidos.

Visto o informe do interventor, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, **por once (10) votos a favor correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do PP e seis (6) abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo municipal dos Socialistas de Galicia- PSOE e aos concelleiros do grupos municipais do BNG**, á proposta da alcaldía, indicada anteriormente.

Incorpórase o Concelleiro Xosé Alberto Blanco Veiga, sendo as 13.40 horas.

2.- DITAME DA COMISIÓN DA APROBACIÓN INICIAL DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DO CADRO DE PERSOAL PARA O EXERCIZO 2020.-

O interventor, Eduardo Mera Rico, pide a palabra para aclarar un erro no Informe Económico financeiro, no cal no estado de ingresos, no punto 4, transferencias correntes, e no 7, transferencias de capital, están mal os importes, sen que teña repercusión no resto do expediente.

A secretaria da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, realizada o venres 20 de decembro de 2019, o cal é o seguinte

“PRIMEIRO.- Ratificar o límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello da Laracha para os exercicios 2019 e 2020 por un importe de 6.502.100,00 euros, de acordo co Plan Económico Financeiro sen medidas aprobado polo Pleno do Concello o 9 de novembro de 2019.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente os estados de gastos e ingresos do Orzamento Xeral do Concello para o exercicio económico 2020, acompañados da memoria de alcaldía e do informe económico financeiro, co seguinte resumo por Capítulos:

ESTADO DE GASTOS

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.742.948,99
2	Gastos en bens correntes e servizos	5.050.050,00
3	Gastos financeiros	-----
4	Transferencias correntes	435.760,00
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	1.006.241,01
7	Transferencias de capital	-----
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	-----
TOTAL GASTOS		8.235.000,00

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	A) OPERACIONES CORRENTES	
1	Impostos directos	2.420.000,00
2	Impostos indirectos	85.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.456.700,90
4	Transferencias correntes	3.604.501,54
5	Ingresos patrimoniais	100,00
	B) OPERACIONES DE CAPITAL	
6	Enaxenación de Investimentos reais	-----
7	Transferencias de capital	379.219,05
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	289.478,51
TOTAL INGRESOS		8.235.000,00

TERCEIRO.- Aprobar inicialmente as Bases de Execución do orzamento, que conteñen no su apartado 21º a modificación do acordo plenario de 21 de xuño de 2019 en relación coas retribucións das dedicacións exclusivas, o Anexo de Personal, o Anexo de Investimentos e o Estado da Débeda.

CUARTO.- Aprobar inicialmente o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

QUINTO.- Expoñer ao público o expediente completo do Orzamento Municipal para o ano 2020 e o Cadro de Persoal aprobados polo prazo de 15 días, mediante anuncios no Boletín Oficial da



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SEXTO.- *Considerar aprobados definitivamente estes acordos para o caso de que non se presenten ningunha reclamación.*

SÉTIMO.- *Remitir copia do orzamento á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.”*

Xoán Manoel Sande Muñíz comeza a súa intervención dicindo que hai unha baixada, con respecto aos orzamentos do ano 2019, do 20%, e facendo referencia ao indicado por parte do Partido Popular na sesión de aprobación dos Orzamentos do Concello de Carballo, indica que os Orzamentos do Concello da Laracha tamén poderían ser tratados como Orzamentos cutres. Redúcense os ingresos, con respecto ao ano 2019, ao reducirse a previsión da cantidade nos impostos directos e nas taxas. Así mesmo, redúcense os gastos, aportando o 82% a gastos en bens correntes e servizos. O representante do BNG, sinala que se debería inverter mais no campo, potenciando as zonas rurais, e fai unha crítica ao modo de actuar por parte do Concello e da Xunta de Galicia coa praga que afecta as plantacións de patacas nas parroquias de Caión e Lendo. Propón que se abran novos programas para potenciar os sectores económicos, critica que a parroquia de Torás reciba un importe tan elevado para as realización das festas, mentres as outras parroquias non aumenta ou é diminuída. Con respecto aos investimentos reais, sinala que apenas representan un millón de euros, é dicir, o 12% dos Orzamentos, os cales son na súa maioría a aportación da Deputación Provincial da Coruña a través do POS+2020. Con respecto aos gastos de persoal, comeza dicindo que os gastos dos traballadores do Concello aumentaron un 3,65% polo acordado no ámbito estatal. O dos membros do goberno aumenta un 6,1% dun Orzamento total que se reduce un 20% . Fai referencia tamén ao persoal de confianza e aos gastos que se xeran polo persoal de goberno, entre os soldos e os gastos polas sesión da Xunta de Goberno Local, entre outras, sendo de 638.000 euros aproximadamente, é dicir, un 7,7% do Orzamento correspondente ao ano 2020, moito mais do que se destina ao capítulo 4 correspondente ás Transferencias correntes. Por todo o anterior, Xoan Manoel indica que o seu Grupo vai a votar en contra.

María Palomi Rodríguez Castiñeira, vocal do PSOE, comeza a súa intervención indicando que se vai abster por que non lles dou tempo a realizar unha análise profunda dos orzamentos xa que lles foron



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

remitidos o xoves pasado, a pesar de que tal e como se indica no informe de intervención, estes deberían estar realizados antes do 15 de outubro. Indica que o seu partido sigue a liña do BNG, pero que ninguen dos membros do partido estaba no ano anterior, polo que se fai unha análise “por riba”. Fai referencia ao capítulo 6 dos gastos do Orzamento, dicindo que é o capital que mais descende con respecto ao Orzamento do ano 2019, debido as achegas de outras administracións. Tamén decaen os capítulos 1 e 2, manténdose o capítulo 4. Con respecto aos ingresos tamén se rebaixa o capítulo 4 e 7. Remata a súa intervención solicitando que se entregue antes a documentación relativa aos expedientes que van na Orde do día das Comisións Informativas para poder estudiala con máis detalle.

O alcalde, José Manuel López Varela, comeza a súa intervención indicando que para poder aumentar os ingresos hai que aumentar os impostos e é algo que non se vai a facer. No ano 2019, o Orzamento foi aumentado polas aportacións de outras administracións. Para poder manter estes números habería que aumentar os impostos. Con respecto aos gastos de persoal e o seu importe indica que se van a reforzar postos de traballo, están os Obradoiros de Emprego, e outros Programas de emprego. Actualmente estanse a pagar mais de 100 nóminas cada mes, facendo unha comparación coas empresas mais importantes do Concello en canto a número de traballadores. En relación á Conta Xeral indica que reflexa a continuidade deste Goberno. Con respecto aos gastos de persoal da parte política indica que este alcalde e os concelleiros, non se subiron o soldo se non o que se fai é actualizalo e adaptalo ao dos traballadores. Con respecto ao capítulo 2 sinala que é o que ten que ter mais importe porque é o que asegura os servizos ofrecidos aos veciños. Con referencia ao problema da pataca guatemalteca ao que fixo referencia Sande Muñiz, o alcalde agradece á Xunta a súa información e charlas aos veciños. En canto a promoción económica indica que a mellor promoción é a baixada dos impostos ás empresas e que o Concello non se pode meter en competencias que non lle corresponde ao Concello, pero si que se está apoiando coa bonificación de impostos para a instalación de empresas no polígono, coas feiras de horticultura, os fins de semana de tapas, etc... Con respecto á Festa da Laracha, dí que é a festa referencia do Concello polo que ten que estar apoiada con un maior orzamento que as das outras parroquias. De todas formas, sinala que haxa modificacións no Orzamento con respecto a estes capítulos, e que aumenten os recursos. Remata a súa intervención falando do capítulo 6 de gastos e facendo unha referencia as inversións que se van a realizar con cargo a este capítulo.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Hai unha nova rolda de intervencións, na que o representante do BNG sinala que na anterior intervención non quería dicir que se subiran os impostos aos veciños para ter mais ingresos, se non de liberar partidas de gastos como as da Xunta de Goberno Local ou o persoal de confianza.

Vólvese a falar de potenciar o comercio local por ambos vocais do BNG e do PP, o do BNG sinalando que se debería potenciar a contratación de persoal por parte das empresas e con campañas propias para o comercio local. O alcalde contesta que o Concello non se pode meter en mais gastos en competencias que non lle son propias e que o comercio local ten un duro competidor co comercio da Coruña pola súa cercanía.

Rematadas as intervencións, o asunto é sometido a votación resultando que, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adopta, **por once (11) votos a favor correspondentes ás/aos concelleiras/os do grupo municipal do PP, catro (4) abstencións correspondentes ás/aos concelleiras/os do grupo municipal dos Socialistas de Galicia- PSOE, e dous (2) en contra, correspondentes ás/aos concelleiras/os do grupos municipais do BNG**, á proposta da alcaldía, indicada anteriormente.